

6/647 PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRAS DE DESDOBRAMENTO DA AVENIDA INFANTA ELENA DE LUGO ENTRE A ROTONDA DO CENTRO COMERCIAL 'AS TERMAS' E A ROTONDA DA AVENIDA BENIGNO RIVERA [O CEAO-LUGO]. APROBACIÓN INICIAL. E-190.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da técnica de administración xeral do Servizo de Urbanismo, conformado polo xefe do Servizo de Urbanismo, do 23 de agosto de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Examinado o expediente de referencia cómpre informar:

FEITOS

1.- O Concello de Lugo o 16 de febreiro de 2022 solicitou a colaboración da Excm. Deputación de Lugo para a realización das obras de desdoblamento, urbanización e humanización da avenida Duquesa de Lugo, 2ª fase; asinándose o 30 de marzo de 2023 o “Convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en: Desdoblamento e humanización da avenida Duquesa de Lugo. Tramo: Glorieta 25 Novembro - Glorieta Benigno Rivera”. Posteriormente, tramitouse unha addenda de modificación a este, cuxo texto foi aprobado polo acordo da Xunta de Goberno do Excmo. Concello de Lugo número 10/632, do 9 de agosto de 2023.

2.- A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), o 12 de agosto de 2022, presentou no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo o “Proxecto de expropiación dos terreos necesarios para o desenvolvemento das obras de desdoblamento da avenida Infanta Elena de Lugo entre a rotonda do Centro Comercial “As Termas” e a rotonda da avenida Benigno Rivera [O Ceao - Lugo]”.

Asemade, o 10 de novembro de 2022, achegou o certificado de dominio e cargas das parcelas afectadas polo devandito proxecto de expropiación expedido polo Rexistro da Propiedade número 1 de Lugo o 19 de outubro de 2022.

3.- O Servizo de Enxeñería, o 3 de xaneiro de 2023, emitiu un informe do seguinte teor literal:

“En resposta á Providencia do Servizo de Urbanismo de data 22 de agosto de 2022 se emite o seguinte informe relativo ao “**PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRAS DE DESDOBRAMENTO DA AVENIDA INFANTA ELENA DE LUGO ENTRE A ROTONDA DO CENTRO COMERCIAL “AS TERMAS” E A ROTONDA DA AVENIDA BENIGNO RIVERA [O CEAO]”**”.

ÁMBITO DO PROXECTO E ALINEACIÓNS

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refº: ispac8812926362065359679.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-8-2023

O ámbito da actuación do presente expediente de expropiación parcial se refire a parte dos terreos descritos e cualificados como Sistema Xeral Viario no “Documento refundido do Plan Xeral de Ordenación Municipal” PXOM de Lugo, dentro de dous ámbitos diferenciados de Solo Urbanizable Delimitado que se atopan na infraestrutura viaria existente.

Concretamente os denominados “LUGO S-5.I” [pertencente á Area de Reparto AR Lugo -1.I], cara ó oeste do tramo sen desdoblamento da Avenida Duquesa de Lugo obxecto do presente proxecto, e “LUGO UZPI-2.I”, cara ó leste do devandito tramo. En concreto correspóndense cos terreos de Sistema Xeral Viario e cos terreos aledaños a estes últimos, denominados polo PXOM de Lugo como “SGV-4”

Indicar, neste punto, que o dende o Servizo de Vías e Obras da Excm. Deputación Provincial se redactou recentemente o correspondente proxecto construtivo de Desdoblamento e Humanización da Avenida Infanta Elena no devandito tramo, a partires da documentación elaborada e facilitada polo Servizo de Enxeñería. Por remitirse ambos documentos ás determinacións que para este Sistema Xeral Viario veñen no Documento Refundido do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Lugo, se pode concluir que o Proxecto de Expropiación que se está a informar é congruente coas alineacións recollidas no devandito proxecto de Desdoblamento e Humanización, o cal se axusta á realidade existente (tal e como se desprende dos artigos 8 e 91 da Normativa Urbanística da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal). O Servizo de Enxeñería en coordinación co Servizo de Vías e Obras da Excm. Deputación Provincial matizará a solución técnica máis axeitada no proxecto construtivo para a definición do encontro da Avenida Benigno Rivera e a Avenida Infanta Elena, valorando a pertinencia do desenvolvemento da totalidade da zona verde no entorno da intersección, por non ser necesaria para desenvolver unha unidade funcional directamente utilizable. Por razóns de índole organizativo do Servizo de Enxeñería e de dipoñibilidade de persoal no Negociado de Topografía e Toma de Datos o que subscribe deciuu asumir e incorporar esta cuestión como un apartado ao informe do proxecto de expropiación de xeito excepcional, ao non poder contar con informe do Negociado de Topografía e Toma de Datos polos motivos anteriormente indicados.

CRITERIOS XERAIS DE VALORACIÓN

Significar que aos efectos da tramitación do Proxecto de Expropiación, unha vez presentado no Concello para a súa aprobación todo documento adquire o carácter de documento público, debendo responsabilizarse a todos os efectos o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo, segundo o disposto no artigo 143 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia (LSG).

En relación aos Criterios de Valoración, indicar que se observa que a valoración ten por obxecto a determinación do xustiprezo expropiatorio das fincas e outros bens e dereitos incluídos no ámbito obxecto de expropiación, así como a determinación de supostos indemnizatorios (xustiprezo por ocupación temporal de porcións de terreos adxacentes cos terreos obxecto da expropiación ou por extinción de arrendamentos). Todas estas cuestión se recollen nas Follas de Aprecio do mesmo.

No tocante ao momento ao que se refire a valoración, indicar que o criterio adoptado é de conformidade co artigo 34 2.b) do “Texto Refundido de la Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana – TRLSRU 7/2015”.

En relación ao Criterio Xeral de Valoración (criterio legal de valoración do solo, criterio legal de valoración de obras, edificacións, instalacións plantacións e arrendamentos, criterio legal de indemnizacións e criterio legal de valoración de indemnizacións por ocupación temporal) se considera que son conformes aos preceptos do Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o “Reglamento de Valoraciones de la Ley del Suelo” e aos do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o “Texto Refundido da Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana”.

En relación ao valor adoptado segundo o tipo de solo, indicar en primeiro lugar, que se está conforme coa consideración de situación básica de solo rural, para a que se toma como referencia a Orde de 28 de decembro de 2015 pola que se regulan os medios de comprobación do valor dos bens inmobles a utilizar. En principio o que subscribe entende xustificadas e conformes os diferentes valores, índices coeficientes e exponentes aplicados para cada situación, tanto para o valor unitario do solo, como para o valor de construción, valoración doutros bens, valoración de indemnizacións e valoración da indenmización por ocupación temporal de terreos.

Compre indicar que o proxecto elaborado pola Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo ten un nivel de precisión, análise, profundidade de investigación e revisión dos datos fundamentais necesarios para a súa elaboración dun elevado nivel de calidade e esixencia, o cal se que pon de manifesto aos efectos de respaldar a validez do documento.

Por todo o exposto anteriormente, sen prexuízo doutras consideracións ou da existencia de imprecisións e/ou erros que o que subscribe non ten percibido na documentación presentada, se informa favorablemente, dentro da competencia deste Servizo de Enxeñería o **“PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRAS DE DESDOBRAMENTO DA AVENIDA INFANTA ELENA DE LUGO ENTRE A ROTONDA DO CENTRO COMERCIAL “AS TERMAS” E A ROTONDA DA AVENIDA BENIGNO RIVERA [O CEAO]”**.

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refº: ispac8812926362065359679.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-8-2023

É canto cabe informar."

4.- A tesoureira municipal, o 20 de abril de 2023, remítelle a este servizo os documentos contables autorizado e disposto sobre remanentes de crédito 18003/2023, 18004/2023, 18005/2023, 18006/2023, 18007/2023, 18008/2023, 18009/2023, 18010/2023, 18011/2023, 18012/2023, 18013/2023, 18014/2023, 18015/2023, 18016/2023, 18017/2023, 18018/2023, 18019/2023, 18020/2023, 18021/2023, 18022/2023, 18023/2023, 18024/2023, 18025/2023, 18026/2023, 18027/2023, 18028/2023, 18029/2023, 18030/2023, 18031/2023 e 18032/2023, con cargo a aplicación orzamentaria 15100.60001, código de proxecto de gasto 21XX00005, por importe total de 147.372,33 €, a que ascende o custo do proxecto de expropiación forzosa.

5.- En virtude das obrigas asumidas no antedito convenio, a Excm. Deputación de Lugo presentou, o 24 de maio de 2023, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo o proxecto de urbanización nomeado "Desdoblamento e humanización da avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo: Glorieta Garaballa de Arriba - Glorieta Benigno Rivera (Tramo 4)"; a execución material deste proxecto de obras implica a previa adquisición polo Concello dos terreos afectados pola devandita execución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Este proxecto de expropiación forzosa contempla non só a expropiación propiamente a dita de determinados bens e dereitos, cara á súa adquisición polo Concello, senón tamén a ocupación temporal doutros (artigos 108 e ss. da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, en adiante LEF) que resultan necesarios para a execución do proxecto de urbanización nomeado "Desdoblamento e humanización da avenida infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo: Glorieta Garaballa de Arriba - Glorieta Benigno Rivera (Tramo 4)".

A superficie total obxecto de expropiación forzosa ascende a 2.905,26 m², cunha valoración total dos bens e dereitos afectados ascendente a 103.163,90 euros; a superficie total obxecto de ocupación temporal ascende a 5.301,02 m², cunha valoración total ascendente a 44.208,43 euros. Estas dúas cantidades supoñen un custo total de 147.372,33 euros.

SEGUNDO.- Os terreos afectados por este proxecto expropiatorio están cualificados no PXOM vixente, aprobado pola Orde da CMATI do 29 de abril de 2011, como sistemas xerais viarios (en concreto "SGV-4") e clasificados como solo urbanizable delimitado (sectores "LUGO S-5.I" [pertencente á área de repartición AR Lugo - 1.I] e "LUGO UZPI-2.I").

O Concello encóntrase lexitimado para a execución deste proxecto, en canto suxeito expropiante (artigo 94 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG), dende o momento no que a expropiación forzosa é un dos modos de adquisición dos sistemas xerais en solo urbanizable contemplados no art. 129.3 da LSG, establecendo no seu artigo 85 que *“A aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes”* (extremo éste que aparece igualmente contemplado no artigo 42.2 do “Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana”, en adiante TRLSRU).

Aínda que os sectores "LUGO S-5.I" e "LUGO UZPI-2.I" se encontran sen desenvolver a posibilidade de adquirir na actualidade os citados terreos por medio deste procedemento expropiatorio, resulta viable dado que:

I. De conformidade co contido do artigo 248.2 do Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG), cando dispón que “Cando no polígono existan bens de dominio e uso público non obtidos por cesión gratuíta, o aproveitamento urbanístico correspondente á súa superficie pertencerá á administración titular daqueles”, está a admitirse a posibilidade doutras formas de adquisición distintas á cesión gratuíta derivada da aprobación do correspondente proxecto de equidistribución.

II. O artigo 250.1.c do propio RLSG establece que “A memoria do proxecto de equidistribución conterá os seguintes puntos: Indicaranse os datos de superficie, aproveitamento tipo, edificabilidade, coeficientes de ponderación, dotacións públicas que non fosen obtidas por expropiación anticipada en execución do plan, xa existentes no momento de aprobación deste, e cuxa superficie se manteña e cantos outros datos urbanísticos se consideren de interese”. Vemos que, expresamente, recoñece a “expropiación anticipada” como unha posibilidade de adquisición de dotacións públicas.

III. O PXOM contén a delimitación e a ordenación individualizada dos devanditos sistemas xerais viarios, de conformidade co establecido no seu artigo 193.2 do “Tomo II. Normativa urbanística”, nos seguintes termos literais: “A delimitación e ordenación detallada dos sistemas xerais incluídos en solo urbanizable delimitado, para os efectos establecidos no artigo 109.5 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, é a contida nos planos de ordenación e na normativa (xeral e particular do uso específico) deste plan xeral”.

TERCEIRO.- Este proxecto expropiatorio é obxecto de tramitación conforme o procedemento de taxación conxunta, ao contemplarse legalmente como un procedemento aplicable a calquera das expropiacións que, en execución do plan urbanístico, poida levar a cabo o Concello. Así se deriva do regulado no artigo 290.4 do RLSG: “A Administración expropiante poderá aplicar o procedemento de

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refº: ispac8812926362065359679.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-8-2023

taxación conxunta ou seguir o expediente de valoración individual de acordo co establecido na lexislación vixente en materia de expropiación forzosa". No mesmo sentido, o artigo 43.1 do TRLSRU establece que "El justiprecio de los bienes y derechos expropiados se fijará conforme a los criterios de valoración de esta ley mediante expediente individualizado o por el procedimiento de taxación conjunta. Si hay acuerdo con el expropiado, se podrá satisfacer en especie". Xurisprudencialmente, tamén se recoñece tal posibilidade, por todas basta citar a sentenza número 172/2011 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 9 de marzo de 2011 que, fallando unha expropiación levada a cabo por este Concello en execución do PXOM de 1990 polo procedemento de taxación conxunta en relación cunha "actuación illada", literalmente declarou: "...hai que entrever, en realidade, que o procedemento de taxación conxunta –no que a urxencia está implicitamente recoñecida polo feito de empregalo para a obra de que se trate utilizábase con frecuencia en actuacións expropiatorias urbanísticas como unha opción legalmente posible".

O procedemento de taxación conxunta implica a realización dos trámites previstos no artigo 118 LSG, que nos apartados 10 e 11, determina que o acordo de aprobación definitiva implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, cuxo pago ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da LEF, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto.

CUARTO.- Visto o certificado de dominio e cargas das parcelas afectadas polo devandito proxecto de expropiación, expedido polo Rexistro da Propiedade número 1 de Lugo o 19 de outubro de 2022, procede citar no expediente de expropiación aos titulares de dereitos reais inscritos no devandito rexistro de conformidade co disposto no artigo 4 da LEF.

QUINTO.- O "Convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en: Desdoblamento e humanización da avenida Duquesa de Lugo. Tramo: Glorieta 25 Novembro - Glorieta Benigno Rivera", asinado o 30 de marzo de 2023, establece literalmente na cláusula terceira, punto 3.1, o compromiso da Excma. Deputación de Lugo de:

"8) Prestar cooperación/ colaboración ao Concello de Lugo na tramitación do proxecto de expropiación aprobado por este, a través da correspondente encomenda de xestión, levando a cabo todas as xestións administrativas vinculadas ao procedemento de acordo ao correspondente proxecto, recabando do Concello a adopción dos acordos que resulten necesarios para a dita finalidade."

En virtude do anteriormente exposto, e consonte ao artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cómpre facer a

correspondente encomenda de xestión a Excm. Deputación de Lugo consistente na realización de todas as xestións administrativas vinculadas á tramitación do proxecto de expropiación, recabando do Concello de Lugo a adopción dos acordos que resulten necesarios para a dita finalidade.

SEXTO.- O órgano competente para a aprobación dos acordos esixidos ao efecto de dar cumprimento aos trámites anteriormente descritos é a Xunta de Goberno Local, segundo a reserva de atribucións efectuada polo acordo número 40/607, do 26 de xullo de 2023:

"Primeiro.- A Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes:

k) as resolucións que lle corresponden nos expedientes de expropiación forzosa, agás a aprobación das liquidacións de xuros por mora." "

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a aplicación do procedemento de taxación conxunta para a determinación do prezo xusto dos bens, dereitos e ocupacións temporais afectados polo "Proxecto de expropiación dos terreos necesarios para o desenvolvemento das obras de desdoblamento da avenida Infanta Elena de Lugo entre a rotonda do Centro Comercial "As Termas" e a rotonda da avenida Benigno Rivera [O Ceao - Lugo]", segundo o previsto na lexislación vixente (artigo 290.4 do Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, e artigo 43.1 do "Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana".

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o expediente relativo ao "Proxecto de expropiación dos terreos necesarios para o desenvolvemento das obras de desdoblamento da avenida Infanta Elena de Lugo entre a rotonda do Centro Comercial "As Termas" e a rotonda da avenida Benigno Rivera [O Ceao - Lugo]" (artigo 118.2 da LSG), significando que:

- A. A superficie total obxecto de expropiación forzosa ascende a **2.905,26 m²**, cunha valoración total dos bens e dereitos afectados ascendente a **103.163,90 euros**.
- B. A superficie total obxecto de ocupación temporal ascende a **5.301,02 m²**, cunha valoración total ascendente a **44.208,43 euros**.

Estas dúas cantidades supoñen un **custo total contemplado neste proxecto expropiatorio de 147.372,33 euros**.

A relación de afectados pola expropiación forzosa é a seguinte:

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refº: ispac8812926362065359679.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-8-2023

PARCELA	TITULARIDADE	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN	VALORACIÓN EXPROPIACIÓN
1-EX	ADMINISTRACIONES ZALLE, S.L. B-74415282	15,57 m ²	1.215,64 €
25-EX	AVENTO CONSULTORES INMOBILIARIOS S.L. B-27490119	254,07 m ²	8.963,59 €
26-EX	MARÍA JESÚS VARELA REGO ***5994** MARÍA EUGENIA REGO LÓPEZ ***7622**	413,15 m ²	14.575,93 €
27-EX	MIGUEL ABELAIRAS PAMPÍN ***1588** MARÍA TERESA PAMPÍN FRANCO ***7644**	402,60 m ²	14.203,73 €
28-EX	JOSÉ SOUTO VARELA ***1660** MARIA LUZ SERÉN FRANCO ***0650**	1.606,19 m ²	56.666,38 €
29-EX	DARÍO SOUTO GARCÍA ***8260**	132,07 m ²	4.659,43 €
30-EX	HIPÓLITO S.L. B-27007897 PROMOCIONES FERNUMA S.L. B-27294735	81,61 m ²	2.879,20 €

A relación de afectados pola ocupación temporal é a seguinte:

PARCELA	TITULARIDADE	SUPERFICIE OCUPACIÓN TEMPORAL	VALORACIÓN OCUPACIÓN TEMPORAL
1 -OT	ADMINISTRACIONES ZALLE, S.L. B 74415282	149,07 m ²	1.001,75 €
3 -OT	VÁZQUEZ POUSADA S.L. B-27320928	88,55 m ²	595,06 €
4-OT	VADMAR LUCUS, S.L. B-27472885	62,08 m ²	417,18 €
5-OT	VADMAR LUCUS, S.L. B-27472885	44,42 m ²	298,50 €
6-OT	JOSÉ VARELA VARELA ***8320**	45,29 m ²	304,35 €
7-OT	EMPRESA MARTÍNEZ CARBALLO, S.L. B-27043595	79,05 m ²	531,22 €
8-OT	JESÚS MARÍA PEREIRA ARIAS ***0435** FÉ VÁZQUEZ NÚÑEZ ***8673**	56,59 m ²	380,28 €
9-OT	MANUEL NÚÑEZ VARELA ***4021** MARIA CONCEPCIÓN LÓPEZ SANTOS ***4903**	42,12 m ²	283,05 €
10-OT	JOSÉ MANUEL CARREIRA SEIJAS ***0242**	50,17 m ²	337,14 €

11-OT	VÁZQUEZ POUSADA S.L. B-27320928	41,65 m ²	279,89 €
12-OT	VÁZQUEZ POUSADA S.L. B-27320928	46,14 m ²	310,06 €
13-OT	VADMAR LUCUS, S.L. B-27472885	62,61 m ²	420,74 €
14-OT	VADMAR LUCUS, S.L. B-27472885	71,48 m ²	480,35 €
15-OT	VÁZQUEZ POUSADA S.L. B-27320928	80,18 m ²	538,81 €
16-OT	MANUEL NÚÑEZ VARELA ***4021** MARIA CONCEPCIÓN LÓPEZ SANTOS ***4903**	62,43 m ²	419,53 €
17-OT	MANUEL NÚÑEZ VARELA ***4021** MARIA CONCEPCIÓN LÓPEZ SANTOS ***4903**	83,94 m ²	564,08 €
18-OT	VÁZQUEZ POUSADA S.L. B-27320928	64,98 m ²	436,67 €
19-OT	CANDER NUMÉRICA S.L. B-27286160	45,72 m ²	307,24 €
20-OT	SABOYAL, S.L. B-78109816	87,22 m ²	586,12 €
21-OT	JOSÉ MANUEL CARREIRA SEIJAS ***0242**	186,33 m ²	5.456,09 €
22-OT	SABOYAL, S.L. B-78109816	68,81 m ²	2.162,07 €
23-OT	JOSÉ MANUEL CARREIRA SEIJAS ***0242**	95,48 m ²	2.550,05 €
24-OT	JOSÉ MANUEL CARREIRA SEIJAS ***0242**	23,76 m ²	933,20 €
25-OT	AVENTO CONSULTORES INMOBILIARIOS S.L. B 27490119	553,62 m ²	3.720,33 €
26-OT	MARÍA JESÚS VARELA REGO ***5994** MARÍA EUGENIA REGO LÓPEZ ***7622**	474,53 m ²	3.188,84 €
27-OT	MIGUEL ABELAIRAS PAMPÍN ***1588** MARÍA TERESA PAMPÍN FRANCO ***7644**	410,73 m ²	2.760,11 €
28-OT	JOSÉ SOUTO VARELA ***1660** MARIA LUZ SERÉN FRANCO ***0650**	1.843,22 m ²	12.386,44 €
29-OT	DARÍO SOUTO GARCÍA ***8260**	160,62 m ²	1.079,37 €
30-OT	HIPÓLITO S.L. B-27007897 PROMOCIONES FERNUMA S.L. B-27294735	220,23 m ²	1.479,95 €

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refº: ispac8812926362065359679.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-8-2023

TERCEIRO.- Citar ao Banco Santander, titular de dereitos reais sobre unha das parcelas afectadas polo proxecto de expropiación que figuran inscritos no Rexistro da Propiedade número 1 de Lugo, segundo a certificación expedida o 19 de outubro de 2022, de conformidade co disposto no artigo 4 da LEF, e remitirlles a copia da devandita certificación ao titular do dereito real e ao propietario da parcela.

CUARTO.- Sometelo a exposición pública durante o prazo de UN MES e ordenar a súa publicación conforme ao legalmente establecido, mediante anuncios que se inserirán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia (artigo 118.2 da LSG).

QUINTO.- Ordenar a notificación individual aos titulares de bens e dereitos afectados, coa remisión da proposta de fixación de criterios de valoración e as follas individualizadas de valoración, a fin de que no prazo de UN MES, dende a súa notificación, poidan alegar canto ao seu dereito conveña (artigo 118.4 da LSG).

SEXTO.- Facerlle unha encomenda de xestión á Excma. Deputación de Lugo, consistente na realización de todas as xestións administrativas vinculadas á tramitación do proxecto de expropiación, solicitando do Concello de Lugo a adopción dos acordos que resulten necesarios para a dita finalidade, en cumprimento do establecido no "Convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en: Desdoblamento e humanización da avenida Duquesa de Lugo. Tramo: Glorieta 25 Novembro - Glorieta Benigno Rivera", asinado o 30 de marzo de 2023, e consonte ao artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

SÉTIMO.- Darles traslado deste acordo aos servizos municipais afectados e á Excma. Deputación de Lugo.